

COMENTARIO DUN TEMA XERAL DE ACTUALIDADE

Texto

El debate en el PSOE sobre la sucesión de Zapatero se está conduciendo de una manera tan zafia con la guerra de manifiestos, que en este momento el máximo candidato a la secretaría general es cualquiera que no sea Alfredo Pérez Rubalcaba o Carme Chacón. El primero que se presente sin el apoyo de estos dos tendrá muchas posibilidades. Sobre el que ha sido candidato, lo inaudito no es ya que después de conducir a su partido a la mayor derrota de su historia pretenda ser el elegido, sino que no haya presentado su dimisión como miembro de la dirección. Su elección dejaría al PSOE a merced de un PP con más poder que nunca. A la exministra de Defensa, cuyos hitos políticos para la excelente valoración que recibe en los sondeos constituyen para mí un arcano, lo que la invalida es que después de haber asumido con gusto el papel de hija predilecta de Zapatero pretenda ahora matar al padre.

Pero no conviene descartar nada. El desconcierto entre los socialistas es tan grande que se podría llegar al colmo del absurdo eligiendo como líder a una persona que no pertenece al partido. El PSC, al que está afiliada Carme Chacón, es una fuerza política independiente del PSOE. Así lo reconocen los propios socialistas catalanes en su página web, en la que se indica que el PSC «es un partido soberano federado al PSOE» y que «aunque participa en sus órganos federales, tiene personalidad jurídica propia, finanzas independientes y mantiene una total autonomía de acción en el marco de la política catalana».

La propia Chacón dio su apoyo a una propuesta en la que se contempla que el PSC pueda votar diferente del PSOE en el Congreso en asuntos de «especial interés para Cataluña y su autogobierno». Una moción que fue aprobada en el congreso del PSC hace diez días. De manera que podría darse el caso de que, siendo Chacón secretaria general y líder del partido, votara en el Congreso algo distinto a lo que hubiera decidido la mayoría de su propio grupo parlamentario. Sin ir más lejos, ese podría ser el caso muy probable de que CiU sometiera a votación en el Congreso su propuesta de que Cataluña tenga un pacto fiscal propio. Algo que difícilmente apoyarían los socialistas andaluces, pero que podrían respaldar los catalanes.

Aun así, tampoco son muy esperanzadoras las declaraciones de uno de los primeros que parece postularse, el alcalde de Toledo, Emiliano García-Page. «El líder primero y luego las ideas», dijo ayer en una entrevista. No hay mejor definición de lo que ha venido ocurriendo en el PSOE en los últimos años. Pero eso es precisamente lo que les ha llevado al pozo democrático en el que se encuentran. Lo que los socialistas necesitan no es un caudillo, como parece dar a entender el toledano, sino un proyecto político en el que todos los afiliados y simpatizantes puedan reconocerse y que sea capaz de recuperar el apoyo de sectores muy amplios de la sociedad.

Gonzalo Bareño (*La Voz de Galicia*, 27 de diciembre de 2011)

1. Indique, en una frase de no más de 25 palabras, cuál es el tema principal que se trata en el texto. [2 puntos]
2. Resuma, en una extensión aproximada de 150 palabras, el contenido del texto, reflejando las ideas principales y secundarias de este. [2 puntos]
3. Elabore un comentario crítico en el que exprese su opinión sobre el contenido del texto, manifestando, de forma argumentada y razonada, su acuerdo o desacuerdo con las ideas que en él se expresan. [6 puntos]

COMENTARIO DUN TEMA XERAL DE ACTUALIDADE

Texto

O debate no PSOE sobre a sucesión de Zapatero estase conducindo dunha maneira tan pailana coa guerra de manifestos, que neste momento o máximo candidato á secretaría xeral é calquera que non sexa Alfredo Pérez Rubalcaba ou Carme Chacón. O primeiro que se presente sen o arrimo destes dous terá moitas posibilidades. Sobre o que foi candidato, o inaudito non é xa que despois de conducir o seu partido á maior derrota da súa historia pretenda ser o elixido, senón que non presentara a súa dimisión como membro da dirección. A súa elección deixaría ó PSOE a mercede dun PP con máis poder que nunca. Á exministra de Defensa, cuíos fitos políticos para a excelente valoración que recibe nos sondeos constitúen para min un arcano, o que a invalida é que despois de ter asumido con gusto o papel de filla predilecta de Zapatero pretenda agora matar o pai.

Pero non convén descartar nada. O desconcerto entre os socialistas é tan grande que se podería chegar ó colmo do absurdo elixindo como líder a unha persoa que non pertence ó partido. El PSC, ó que está afiliada Carme Chacón, é una forza política independente do PSOE. Así o recoñecen os propios socialistas cataláns na súa páxina web, na que se indica que o PSC «é un partido soberano federado ó PSOE» e que «aínda que participa nos seus órganos federais, ten personalidade xurídica propia, finanzas independentes e mantén unha total autonomía de acción no marco da política catalá».

A propia Chacón deu o seu apoio a unha proposta na que se contempla que o PSC poida votar diferente do PSOE no Congreso en asuntos de «especial interese para Cataluña e o seu autogoberno». Unha moción que foi aprobada no congreso do PSC fai dez días. De maneira que podería darse o caso de que, sendo Chacón secretaria xeral e líder do partido, votara no Congreso algo distinto ó que tivera decidido a maioría do seu propio grupo parlamentario. Sen ir máis lonxe, ese podería ser o caso moi probable de que CiU sometera a votación no Congreso a súa proposta de que Cataluña teña un pacto fiscal propio. Algo que dificilmente apoiarían os socialistas andaluces, pero que poderían respaldar os cataláns

Aínda así, tampouco son moi esperanzadoras as declaracións dun dos primeiros que parece postularse, o alcalde de Toledo, Emiliano García-Page. «O líder primeiro e logo as ideas», dixo onte nunha entrevista. Non hai mellor definición do que veu ocorrendo no PSOE nos últimos anos. Pero iso é precisamente o que os levou ó pozo democrático no que se atopan. O que os socialistas necesitan non é un caudillo, como parece dar a entender o toledano, senón un proxecto político no que todos os afiliados e simpatizantes poidan recoñecerse e que sexa capaz de recuperar o apoio de sectores moi amplos da sociedade.

Gonzalo Bareño (*La Voz de Galicia*, 27 de diciembre de 2011)

1. Indique, nunha frase de non máis de 25 palabras, cál é o tema principal que se trata no texto. [2 puntos]
2. Resuma, nunha extensión aproximada de 150 palabras, o contido do texto, reflectindo aas ideas principais e secundarias deste. [2 puntos]
3. Elabore un comentario crítico no que exprese a súa opinión sobre o contido do texto, manifestando, de forma argumentada e razoada, o seu acordo ou desacordo coas ideas que nel se expresan. [6 puntos]